

[A Coruña A CGT entra con forza en Concentrix



A CGT entrou con forza na empresa Concentrix, na que se celebraron eleccións sindicais a semana pasada.

Concentrix é una empresa Á do sector de "contact center" co centro de traballo na Coruña e cun cadro de persoal de máis de 300 persoas.

Os resultados foron os seguintes:

RESULTADOS 2015 RESULTADOS 2019 VOTOS 2019

UGT

6

2

44

CCOO

5

4

67

CIG

2

4

70

CGT Non participou 3 61

Con estes resultados, a **CGT** da Coruña afiánzase nas empresas máis importantes do sector da provincia e fortalece a súa condición de sindicato máis representativo no sector de telemárquetin, o que lle permitirá abordar con firmeza tanto os problemas dos traballadores nos centros de traballo con presenza confederal como a negociación do próximo convenio colectivo.

Comité Local da **CGT** da Coruña